

## **DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2013**

A EGAP,

en colaboración coa

Asociación Galega de Arte e Cultura (AGAEC),

convoca a

“IX Mostra colectiva das artes e das letras dos empregados da Administración autonómica galega. EGAP, 2013”.

### **1. Participantes**

Todos os empregados públicos da Administración xeral da Xunta de Galicia que desexen inscribirse, sexa cal for o seu vínculo, centro e localidade onde presten os seus servizos.

### **2. Modalidades**

- Pintura, escultura, fotografía, gravado, colaxe, debuxo, cerámica, tapiz, vídeo e calquera outra especialidade artística que implique a utilización de novas tecnoloxías ou materiais, maquetas, origami (papiroflexia), etc.
- Creación literaria, poesía, prosa poética, ensaio, teatro, conto, relato curto, etc., sempre que a extensión máxima non supere os tres folios.

### **3. Requisitos para participar**

Cada participante:

- Poderá presentar unha obra por modalidade artística e/ou literaria.
- Enviará unha solicitude asinada utilizando o modelo anexo ao enderezo de correo electrónico [agaec2004@yahoo.es](mailto:agaec2004@yahoo.es).
- Achegará unha fotografía dos traballos que presenta (un por modalidade), en formato jpg, cunha resolución mínima de 300 píxels (a dimensión da/s obra/s non poderá exceder de 100 x 100 cm; para escultura as medidas máximas establécense en 150x70x50 cm); ou ben, no apartado literario, un texto, escrito en galego, elaborado con calquera programa habitual de tratamento de textos, facendo constar se se desexa expor un fragmento na sala de exposicións.
- Enviará tamén a ficha técnica da/s obra/s (título, técnica, medidas e prezo) en galego.

### **4. Prazo máximo de entrega da documentación**

**30 de abril de 2013.**

### **5. Presentación e retirada das obras**

A/s obra/s das modalidades artísticas deberán ser entregadas o 13 ou o 14 de maio na EGAP, en horario lectivo, preferiblemente sen enmarcar e preparadas para a súa exposición (no caso de pintura, fotografía, debuxo, etc., con enganche seguro para evitar caídas que poidan estragalas) e identificadas na parte posterior cunha rotulación ou etiqueta na que consten o título, a técnica, o autor, o enderezo electrónico e os teléfonos de contacto. Os materiais fráxiles deberán estar debidamente protexidos.

A EGAP publicará na súa páxina web a totalidade dos traballos presentados polos participantes.

As obras poderán ser retiradas polos participantes ou as persoas autorizadas nos días e horas que oportunamente se comuniquen.

Unha vez pechada a mostra, a EGAP non se fará cargo da custodia das obras non recollidas nos días sinalados.

## **6. Lugar e data de inauguración**

EGAP, 15 de maio.

## **7. Responsabilidades**

As obras, durante as datas de exhibición, quedarán aseguradas ata un límite de 200 € como prima de seguro.

## **8. Aceptación e conformidade coas bases**

A participación nesta mostra implica a aceptación e a conformidade co disposto nas presentes bases así como o consentimento e a admisión da publicación das obras e imaxes na páxina web da EGAP.

## DE PARTICIPACIÓN

<b>IX MOSTRA COLECTIVA DAS ARTES E DAS LETRAS DOS EMPREGADOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA. EGAP, 2013</b>
<b>Organismo no que traballa:</b>
Nome e apelidos:
Rúa, núm., andar, letra:
Poboación:
Provincia:
Código postal:
Teléfono no posto de traballo:
Teléfono móbil:
Enderezo electrónico:
<b>MODALIDADES:</b>
<b>1.- ARTES PLÁSTICAS</b>
MODALIDADE: pintura, escultura, fotografía, gravado, colaxe, debuxo, cerámica, tapiz, vídeo, instalación, papiroflexia, maquetación, etc., e creación literaria: poesía, prosa poética, teatro, conto, ensaio, relato curto, etc... Márquense as que correspondan:
TÍTULO DA OBRA: TÉCNICA: MEDIDAS: PREZO:
TÍTULO DA OBRA: TÉCNICA: MEDIDAS: PREZO
TÍTULO DA OBRA: TÉCNICA: MEDIDAS: PREZO:

TÍTULO DA OBRA TÉCNICA: MEDIDAS: PREZO:
<b>2.- CREACIÓN LITERARIA</b>
TÍTULO:
XÉNERO:
EXTENSIÓN:
TÍTULO:
XÉNERO:
EXTENSIÓN:
TÍTULO:
XÉNERO:
EXTENSIÓN:
<b>3.- VÍDEO</b>
MODALIDADE:
TÍTULO:
DURACIÓN:
<b>4.-OUTRAS MODALIDADES</b>

**5.-OBSERVACIÓNS EN RELACIÓN COA OBRA PRESENTADA**

Solicito ser admitido/a como participante na “IX Mostra colectiva das artes e das letras dos empregados da Administración autonómica galega. EGAP, 2013” para o que declaro coñecer e aceptar, en toda a súa extensión, as bases de participación.

Sinatura:

\_\_\_\_\_ , \_\_\_\_ de abril de 2013